



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeje Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES

Alén González, Elisa
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Cabeza Pereiro, Jaime
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Noia Campos, M^a Camiño
Pou Saracho, Juan María
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Fernández Souto, Ana Belén
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-B:

Terol Martín, Irene

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Gil Villanueva, José María
Grande Seara, Pablo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 14 de novembro de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día **14 de novembro de 2011**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do Regulamento para a realización do traballo de fin de grao.
4. Adhesión, se procede, ao *Código de conducta de las universidades en materia de cooperación al desarrollo*.
5. Aprobación, se procede, dos criterios para a avaliación da produción de transferencia.
6. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
7. Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento de promoción ao corpo de catedráticos/as de universidade.
8. Aprobación, se procede, dos criterios de cómputo de carga docente básica en titulacións de grao.
9. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para transferencias de crédito.
10. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade Federal do Paraná-UFPR (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Facultade da Serra Gaúcha (Brasil)

- Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Facultade da Serra Gaúcha (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio entre a Universidad de São Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo para o intercambio de docentes/investigadores, estudantes e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e The University of Sciences and Technology Houari Boumediene Algiers (Argelia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional Mayor de San Marcos (Perú).
- 12. Elección para cubrir a seguinte vacante:
Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante.
- 13. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2011.

Non habendo alegacións á acta, apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para informar do seguinte:

INFORME SOBRE A MATRÍCULA.

Segundo datos da CIUG, matriculáronse 3.619 estudantes no primeiro curso de cada un dos 52 títulos de grao ofertados neste curso 2011-2012 pola Universidade de Vigo nos tres campus. A eles habería que engadir os 28 matriculados da Escola de Deseño Téxtil e Moda e os 80 matriculados no Grao en Enxeñaría Mecánica que se imparte na Escola Naval Militar de Marín, resultando un total de 3.727.

O reitor subliña que, tendo en conta que a oferta foi de 3824 prazas e que en 25 dos 52 graos a demanda do alumnado superou o límite de prazas fixado inicialmente, o número de prazas vacantes é de 199, o que supón un 91,4 % de prazas cubertas. Isto supón un incremento do 3,2 % respecto do curso anterior.

O reitor destaca que por ámbitos, foi o Xurídico-Social no que maior demanda de prazas se rexistrou ata o punto que a solicitude de matrícula do alumando superou a oferta de prazas en 16 das 22 titulacións (ADE; Dereito; Educación Infantil; Educación Primaria; Traballo Social e Turismo no Campus de Ourense; Ciencias da Actividade Física; Comunicación Audiovisual; Dirección e Xestión Pública; Educación Primaria e Publicidade e Relacións Públicas no Campus de Pontevedra e Comercio; Dereito; Economía; Educación Primaria e Relacións Laborais no Campus de Vigo).

No ámbito das Humanidades, a demanda superou á oferta en 4 das 8 titulacións que o integran (Xeografía e Historia no Campus de Ourense e Linguas Estranxeiras, Tradución Galego-Inglés e Tradución Galego-Francés no Campus de Vigo), mentres que no das Ciencias da Saúde a demanda superou á oferta en 2 das 5 titulacións (Enfermaría no Campus de Pontevedra e Enfermaría-Meixoeiro).

Nos ámbitos das Ciencias Experimentais e no Tecnolóxico, as solicitudes de matrícula só superaron á oferta en 1 titulación no primeiro caso (Ciencias do Mar no Campus de Vigo) e en 2 no segundo (Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría Mecánica, ambos no Campus de Vigo).

Por campus, o de Vigo rexistrou 2.085 matriculados, o de Ourense 841 e o de Pontevedra 693, o que representa respectivamente o 57,6%, o 23,2% e o 17,6% de matriculados no curso 2011-2012.

O reitor manifesta que, en relación ao curso pasado, os campus de Vigo e Pontevedra incrementaron o seu alumnado en 70 e 58 estudantes respectivamente, mentres que o Campus de Ourense rexistrou un descenso de 12 matriculados.

Por ámbitos, o Xurídico-Social foi o que maior incremento no número de matriculacións respecto do curso pasado rexistrou. Así, das 1.591 de 2010-2011 pasáronse ás 1.835 neste curso.

No ámbito das Humanidades, a matrícula medrou dos 364 estudantes do curso 2010-2011 aos 370 deste curso.

En Ciencias da Saúde, a matrícula mantívose constante nestes dous cursos, con 260 matriculados, xa que se cobre a oferta completa.

En Ciencias Experimentais, a matrícula baixou este curso en catro persoas respecto de 2010-2011, pasándose dos 250 aos 246.

No ámbito Tecnolóxico confirmouse un descenso na matrícula, pasándose das 1.032 prazas cubertas o pasado curso ás 908 do 2011-2012, o que supón 124 matriculados menos.

Respecto aos másteres, a matrícula de novo ingreso elevouse a 1.522 estudantes; do total de matriculados, 919 corresponden a estudos que se imparten no Campus de Vigo, 364 en Ourense e 239 no Campus de Pontevedra.

Se aos 1.522 matriculados nos primeiros cursos dos mestrados que se imparten este ano se lle suman o resto de matriculados noutros cursos, a cifra total acada as 1.997 matriculacións en programas de posgraos neste curso 2011-2012.

O número total de estudantes matriculados na Universidade de Vigo é de 22.744, un 2% máis que no curso 2011-2012.

CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES.

O reitor informa, que con data de 21 de outubro tivo lugar o Consello Galego de Universidades. Na reunión foron aprobados os criterios para o financiamento do 5% estrutural. Os criterios aprobados, co voto en contra da UDC e a abstención da USC, son os seguintes:

1. Campus de excelencia internacional.
2. Captación de recursos externos: ingresos á marxe do financiamento da Xunta de Galicia en relación ao PDI doutor.
3. Internacionalización: output do Informe Anual Scimago World Report en relación ao PDI doutor.
4. Transferencia de coñecemento:
 - 4.1.a. Número de proxectos PID e CENIT en relación ao PDI doutor.
 - 4.1.b. Número de spin-off en relación ao PDI doutor.
 - 4.2. Ingresos percibidos en concepto de contratos e convenios con empresas e entidades privadas en relación ao PDI doutor.
5. Calidade na docencia: transferencias correntes da administración educativa por estudante matriculado de primeiro e segundo ciclo e grao, en centros propios de cada universidade. Este criterio repártese de xeito inverso.

Estase á espera da repartición do 5% do fondo de calidade, que depende da Consellaría de Facenda.

CONSEJO DE UNIVERSIDADES DO 3 DE NOVIEMBRE.

Respecto ao Proxecto de Estatuto do PDI, o reitor sinala que non se continuará coa súa tramitación no próximo Consejo de Ministros.

Respecto ao proxecto de Real decreto, polo que se establecen os requisitos básicos para a creación, modificación e funcionamento de universidades e centros universitarios, establécese a súa estrutura mínima. O reitor destaca que na última reunión mantida co ministro, este fíxolle partícipe da súa vontade de levalo ao último Consejo de Ministros que terá lugar o vindeiro venres. Sinala, que o novo real decreto propicia o establecemento dun sistema de goberno universitario que se adecúe ás necesidades de modernización das nosas universidades. Anuncia, que entre as prioridades establecidas está o regular os centros no estranxeiro, dependentes das universidades españolas, e os centros que imparten en España ensinamentos conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación universitaria; tamén vén por certa orde na creación e recoñecemento das universidades privadas. O reitor recoñece que, en torno ao proxecto normativo, existen diversidade de opinións, porque implica un importante cambio na estrutura organizativa das universidades. O reitor anuncia que, aínda que o Real decreto non entre en vigor, constitúe un referente para a renovación normativa que é preciso levar a cabo na Universidade de Vigo.

O reitor continúa o seu informe dando conta do nomeamento do vicerreitor de Transferencia de Coñecemento, D. José Antonio Vilán Vilán, como representante da Universidade de Vigo no Clúster Alimentario de Galicia, en substitución de Dña. Victoria Jato Rodríguez.

Antes de dar por finalizado o punto 2 da orde do día, o reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade co obxecto de que informe aos membros do Consello de Goberno sobre o proceso de seguimento de títulos.

Comeza o vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade expondo que, observando o procedemento aprobado no seu día por este Consello de Goberno e o calendario marcado pola ACSUG, se remitiron á citada axencia, dentro dos prazos establecidos, os informes anuais de seguimento elaborados e aprobados por centros e titulacións. Sinala que, unicamente no caso dos títulos adscritos a un centro, houbo un atraso mínimo dun par de días, o cal é anecdótico. Informa, que en total se emitiron informes sobre 103 títulos, que corresponden a todos os graos e a todos os máster que se imparten na Universidade de Vigo, excepto aqueles másters interuniversitarios nos que esta responsabilidade non corresponde á nosa universidade.

Unha vez oficialmente enviados á ACSUG, rematouse a primeira fase do proceso de seguimento de títulos oficiais correspondente ao curso 2010-11 que ten lugar dentro da universidade, e ábrese unha segunda fase que é a da avaliación das titulacións. Continúa dicindo, que aínda están por definir pola ACSUG algúns pormenores desta segunda fase, pero é seguro que polo menos a maioría dos máster serán avaliados externamente, xa que teñen próxima a renovación das súas acreditacións.

O vicerreitor engade que o curso pasado houbo un plan piloto de seguimento que afectou a catro títulos. Tras esta última convocatoria, en que xa todos os títulos oficiais están afectados, se fará unha avaliación final de como se desenvolveu. Informa, que xa se recibiron algunhas suxestións por parte dalgúns centros; que, dende a súa vicerreitoría se continuarán esforzando para mellorar todos os procedementos e facilitar unha tarefa que xa está entre as que teremos que asumir regularmente todos os anos, e que terá consecuencias directas na renovación das acreditacións das titulacións oficiais.

Pecha a súa intervención destacando que, como vicerreitor que ten competencias directas nos procesos de calidade docente, quere expresar ante os membros do Consello de Goberno o seu recoñecemento polo bo traballo realizado en centros e titulacións. Engade que, na inmensa maioría dos casos, se fixo un esforzo de análise, reflexión e definición de propostas de mellora que, efectivamente, contribuirán á mellora da calidade dos ensinos universitarios.

Punto 3. Aprobación, se procede, do Regulamento para a realización do traballo de fin de grao.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade, quen comeza informando aos membros do Consello de Goberno de que o texto da proposta do Regulamento que teñen á súa disposición conta co informe favorable da Asesoría Xurídica.

A continuación, expón as razóns de urxencia que aconsellan aprobar a normativa de traballo fin de grao (dende agora TFG). Hai datos sobre alumnos que xa realizaron o correspondente TFG, ben porque proceden de titulacións completamente implantadas ou por cursar os chamados “cursos ponte” dende outras titulacións. Destaca o dato de que as titulacións que finalizaron o seu proceso de implantación son de diferentes ámbitos, permitiu aproveitar a súa experiencia de ser pioneiras na implantación das titulacións, contribuindo a detectar deficiencias, necesidades e boas prácticas, sobre todo en cuestións bastante novas,

como é o relativo ao TFG. A diversidade de ámbitos e características das diferentes titulacións que xa teñen implantado os seus TFG contribuíron a ter unha visión ampla do asunto para abordalo.

O vicerreitor expón que a proposta de Regulamento se confeccionou ao redor dalgúns consideracións básicas:

- Que, dadas as súas peculiaridades, o TFG debe ter un tratamento distinto ao doutras materias, pero que hai que manter a súa integración dentro do currículo da titulación. Neste sentido hai que tender a consideralo como unha materia máis. O TFG non pode descolgarse do resto de actividades.
- Os centros deben de dispor da autonomía suficiente para que poidan axustarse ás necesidades derivadas das moi distintas características que o TFG pode ter en cada titulación. O vicerreitor dá o dato de que os TFG na UVigo van desde o mínimo de 6 ECTS ata algunhas titulacións nas que teñen 18 ECTS, este só feito fai que as necesidades e a forma de xestionalo docentemente sexa distinta necesariamente.
- Necesidade de unificar e homoxeneizar certos procesos para facilitar a súa xestión académica.
- Que o alumnado matriculado ten que ter as suficientes garantías de que o seu traballo poida realizarse, tutorizarse, avaliarse e cualificarse de xeito adecuado.
- Evidentemente tívose en conta o que a lexislación determina para o TFG, en concreto o RD 1393 que, entre outras cousas referidas ao TFG, di: “os estudos de grao concluirán coa elaboración e defensa dun TFG” e que dito traballo “deberá realizarse na fase final do plan de estudos”. O que marca a súa característica diferenciadora fundamental é o remate, a conclusión da titulación.

O vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade destaca algúns aspectos relevantes da proposta:

- Que cada centro elaborará unha normativa interna que desenvolva os procedementos necesarios, calendarios, etc... De feito, os centros ou titulacións que xa tiveron que realizar TFGs teñen xa as súas propias normativas.
- Nese contexto hai que sinalar que o alumnado ten dúas oportunidades de avaliación por matrícula, como en calquera outra materia, e que queda aberta a posibilidade de que o centro estableza presentacións e avaliacións en ambos os dous cuatrimestres. Isto facilitará que aqueles estudantes aos que só lles quede pendente o TFG non teña que esperar todo un ano para finalizar os seus estudos.
- Recordar os requirimentos especiais de matrícula e de cualificación, consecuencia de que os RD establecen que o TFG debe ser realizado ao final dos estudos. Di que queda establecido que a matrícula do TFG debe de facerse, en calquera caso, xunto coa do resto de créditos que falten para completar a titulación.

En canto á avaliación e cualificación, dá lectura ao art. 8 da proposta de regulamento.

En devandito artigo, establécese que o TFG debe ser cualificado en acta unha vez que se teña constancia de que o/a estudante dispón de todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.

O vicerreitor aclara, que sabe que nalgunhas universidades se optou por non permitir que se presente ningún TFG ata que non se teñan superadas todas as materias da titulación, pero que é partidario de que a fórmula que se propón para a Universidade de Vigo permita unha maior flexibilidade, pois considera que beneficia tanto a estudantes como a quen teñe que organizar a actividade docente nos centros; que abre a posibilidade de facer a presentación e defensa do TFG, independentemente do que ocorra co resto de materias en paralelo.

O vicerreitor sinala en último lugar, que os traballos de tutorización deberán formar parte das obrigacións docentes, e tal efecto se recoñecerá con cargo ás bolsas de créditos xestionado polos centros. Deben realizarse os axustes necesarios para garantir que todos os estudantes teñan correctamente tutorizado o seu traballo.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O Prof. Alejandro Pereira pregunta sobre a compatibilidade do TFG e a internacionalización dos estudos de grao.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais, quen sinala que o TFG non recibe un tratamento especial, do mesmo xeito que o resto das materias pódese facer noutras institucións, pois están contemplado no contrato de estudos.

O Prof. Alejandro Pereira sinala, que a tutorización obrigatoria é unha carga engadida ás obrigacións docentes e, en consecuencia, interroga sobre o modo de recoñecemento.

Intervén o Prof. Juan Pou para expresar, que na súa opinión se van a xerar problemas coas actas dos alumnos que leron o TFG sen aprobar todas as materias, e que redunda nun problema técnico para o PAS.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar cal será o xeito de que os centros teñan capacidade para impor a todos os profesores a tutorización dos TFG.

O reitor responde que se teñen que desenvolver os mecanismos correspondentes.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, quen sinala que a tutorización do TFG vai producir unha carga docente adicional; considera que habería que preguntarse canto vai contar esta tarefa en POD.

Intervén o Prof. Manuel Gutiérrez para preguntar que sucede co alumnado que aproba o TFG e suspende as materias que ten pendentas. É partidario de que só se poida defender cando teñan aprobadas as materias.

Responde o vicerreitor que no proceso de avaliación, cualificación e defensa pública dáselle autonomía normativa aos centros para dar as respostas que estimen máis acordes.

Apróbase por asentimento a normativa contida no **Anexo I**.

Punto 4. Adhesión, se procede, ao *Código de conducta de las universidades en materia de cooperación al desarrollo*.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais, quen comeza a súa exposición manifestando aos membros do Consello de Goberno que ao longo dos últimos anos a Universidade de Vigo foi asumindo un certo protagonismo na cooperación ao desenvolvemento, poñendo en marcha un amplo abano de actividades encamiñadas a favorecer a solidariedade dos distintos sectores da comunidade universitaria, tanto con universidades coma con outras institucións e colectivos sociais de distintos países. O vicerreitor sinala que a proposta de adhesión ao *Código de conducta de las universidades en materia de cooperación al desarrollo* ten, entre outras finalidades, superar as dificultades e contradicións asociadas aos procesos de erradicación da pobreza e do desenvolvemento, fomentando o avance en áreas de investigación axeitadas a estes obxectivos. Sinala, que este código de conduta foi promovido pola Comisión de Cooperación ao Desenvolvemento, adscrita ao CEURI-CRUE, non ano 2005 e que xa se adheriron varias universidades. Tras dar unha breve explicación da estrutura e contido do código de conduta, o vicerreitor manifesta que o art. 31 fai referencia a que o cumprimento do código de conduta por parte das universidades que se adhiran ao mesmo debe ser obxecto de valoración interna por un órgano designado pola universidade, e para ese efecto, o vicerreitor propón ao Consello de Goberno que sexa a Comisión de Extensión Universitaria a que cumpra a función de velar polo seu cumprimento.

Apróbase por asentimento o código de conduta recollido no **Anexo II**.

Punto 5. Aprobación, se procede, dos criterios para a avaliación da produción de transferencia.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia do Coñecemento, quen comeza expoñendo que nos últimos anos se observa unha clara tendencia á valoración da transferencia de coñecemento, por canto redunda en creación de tecido produtivo, industrial e postos de traballo. Enumera algunhas das medidas lexislativas, ditadas desde diferentes ministerios, encamiñadas a valorar e regular o novo marco da transferencia de coñecemento. No ámbito autonómico, destaca o Plan 12C de investigación, innovación e crecemento do ano 2010. Para rematar, cita a Resolución da CNEAI de 23 novembro de 2010, que inclúe un programa piloto para ter en conta a transferencia de coñecemento na valoración dos sexenios do PDI.

O vicerreitor di que é unha aposta do equipo de goberno potenciar a actividade relacionada coa transferencia de coñecemento e, para ese efecto, se presenta ante o Consello de Goberno unha proposta de Índices de Producción de Transferencia de Coñecemento, polos que, unha vez aprobados, se avaliarán os méritos correspondentes aos anos 2009 e 2010.

O vicerreitor, apoiándose no soporte telemático, vai dando conta do contido da proposta: criterios xerais aos que se somete a petición de avaliación dos méritos; competencia

da Comisión de Investigación delegada de Consello de Goberno para avaliar os méritos presentados. Detense especialmente en dar conta dos índices de produción de transferencia. Subliña que están contemplados os proxectos, as colaboracións e convenios con empresas; os contratos de licenza; a propiedade industrial; a creación de empresas de base tecnolóxica; os resultados da creación artística; a creación literaria; software libre e open source; as actividades de promoción e as de transferencia social, cultural e educativa. Igualmente, dá conta de cada un dos apartados e da puntuación máxima que se pode alcanzar en función dos índices de calidade (que tamén figuran recollidos na normativa).

Por último, informa que para elaborar a proposta foron consultados todos os centros e dá conta dos que efectuaron suxestións. Dende o punto de vista normativo citou como referencias utilizadas para a confección dos índices, entre outros, a proposta de borrador de Estatuto do Persoal Docente e Investigador das Universidades Públicas Españolas; os cadernos técnicos da REedOTRI (CRUE); os Indicadores de Transferencia de Coñecemento do CSIC ou as leis 2/2011 de Economía Sostible e 14/2011 de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Finaliza sinalando, que o orzamento dispoñible no ano 2011 para a repartición de Produción de transferencia correspondente aos anos 2009-2010 consiste nunha partida de 65.000 euros. Ábrese unha roda de intervencións.

Intervén o Prof. Armando Caballero para sinalar en nome do seu grupo, que está de acordo co documento presentado e pregunta se para que os méritos sexan avaliados debe figurar expresamente que a persoa responsable é da Universidade de Vigo, e se cabe, en caso de ausencia desa mención, outro tipo de xustificación documental.

O vicerreitor de Transferencia de Coñecemento sinala que podería valer un documento asinado polo solicitante.

O reitor di que se trata dun proceso en que se avalía á Universidade de Vigo e non aos investigadores.

Intervén o Prof. Juan Pou para felicitar ao equipo de goberno.

O reitor responde que é un primeiro paso para o proceso de recoñecemento do traballo desenvolvido polo PDI.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para manifestar que hai algunhas actividades que non figuran descritas expresamente e que son auténticas transferencias de coñecemento. Sinala, a título de exemplo, a actuación nun procedemento arbitral ou como maxistrados suplentes.

Apróbase por asentimento o disposto no **Anexo III**.

Punto 6. Aprobación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédesa a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen sinala que na COAP celebrada o 7 de novembro de 2011 se deu informe favorable á creación das seguintes prazas:

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área da Teoría do Sinal e Comunicación pola promoción do profesor Julio Martín Herrero.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Teoría do Sinal e Comunicacions pola promoción da profesora Inés García-Tuñón Blanca.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Microbioloxía pola promoción da profesora Carmen Sieiro Vázquez.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Ecoloxía pola promoción da profesora Isabel Pardo Gamundi.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Química Inorgánica pola promoción da profesora Rosa Carballo Rial.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Enxeñaría Química pola promoción do profesor Ángel Sánchez Bermúdez.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Teoría do Sinal e da Comunicación pola promoción do profesor Iñigo Cuiñas Gómez.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Teoría do Sinal e da Comunicación pola promoción do profesor Oscar Rubiños López.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Economía Aplicada pola promoción da profesora Olga Alonso Villar.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Economía Aplicada pola promoción da profesora Coral do Río Otero.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Economía Aplicada pola promoción do profesor Carlos Manuel Gradín Lago.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, dos criterios e procedemento de promoción ao corpo de catedráticos/as de universidade.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen inicia a súa intervención recordando que, a diferenza das anteriores probas de habilitación, na actualidade o número de profesores que acceden á acreditación de catedrático de universidade xa non está ligado á estrutura de persoal das universidades, senon que depende exclusivamente dos méritos dos solicitantes.

Sinala que, no acordo adoptado no Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2009, se aprobaron os criterios de promoción ao corpo de catedráticos de universidade. No acordo establecíase a posibilidade de promoción por persoal ou ben a promoción por méritos (3 sexenios). No mesmo acordo, contemplábase a posibilidade de pór en marcha unha terceira vía para aqueles profesores que, tendo méritos suficientes, non puideran acollerse a ningunha das dúas posibilidades anteriores. Destaca que ao longo destes 3 anos non se chegou a pór en marcha a terceira vía.

Continúa dicindo que, aínda no actual escenario orzamentario, as universidades deben continuar facilitando a promoción do PDI acreditado, pero que para que continúe existindo esta posibilidade de promoción, as mesmas razóns académicas e orzamentarias aconsellan controlar o alcance deste tipo de programas, tendo en conta tanto criterios de porcentaxe de catedráticos en persoal como méritos de persoal acreditado.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións explica que a normativa que se presenta substitúe aos criterios aprobados no ano 2009. Contempla a realización dunha convocatoria anual de promoción a cátedra na que, en función da dispoñibilidade presupuestaria, o Consello de Goberno aprobe anualmente o número de novas prazas do corpo de catedráticos. É unha medida reequilibradora, xa que prioriza o criterio de plantilla e porque relativiza os méritos ao correspondente campo CNEAI. Os criterios e procedemento aos que responde o novo sistema de promoción son os seguintes:

- Manter o criterio de promoción por plantilla, pero priorizando as áreas con menor porcentaxe de catedráticos con respecto a PDI con vinculación permanente.
- Manter o criterio de promoción por méritos, no que se terá en conta o número de sexenios en relación á media de sexenios do campo CNEAI do solicitante. Explica a expresión $25(N-N_{cneai})+3K$ e, en concreto, a variable $3k$ ligada ao concepto de sexenio vivo.
- A normativa terá unha vixencia de dous anos; a primeira convocatoria farase no mes de maio de 2012 e a segunda no mes de maio de 2013. Realizadas estas dúas convocatorias, o plan será sometido a revisión.

- Sinala que, nos factores de desempate, se priorizará a antigüidade na acreditación como catedrático, antigüidade como TU ou CEU, xénero e campus.
- O número de prazas a convocar estará en función da dispoñibilidade orzamentaria de cada exercizo.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións informa que o documento que se presenta foi abordado en dúas sesións diferentes na Mesa de negociación do PDI; que se fixeron alegacións ao texto e que están incorporadas ao documento do que dispoñen os membros do Consello de Goberno. En concreto, sinala o feito de que as prazas do cadro de persoal que non se cubren nunha convocatoria pasen a aumentar o número de prazas por méritos desa convocatoria; igualmente elimínanse os límites por área e departamento.

Para rematar, informa que na reunión da COAP propónse dúas reformas que deberían ser incluídas no texto:

- No art. 2.a), relativo aos requisitos dos solicitantes, “que ademais dos TU e CEU poidan acceder ao plan de promoción os profesores contratados doutores”.
- A inclusión dunha transitoria que atrase a posibilidade de acollerse ao plan de promoción a cátedra actualmente en vigor.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, para manifestar que na proposta hai flecos que faltan por negociar. Solicita unha moratoria para a entrada en vigor da normativa. Menciona un recente correo da CIG neste sentido e considera que este tema podería postergarse para a seguinte sesión do Consello de Goberno.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións di que o correo enviado pola CIG é o mesmo que se presentou na Mesa de negociacións, e que as varias das propostas xa foron recollidas no documento.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para manifestar o seu apoio á moción de retirada. A súa posición é votar en contra, pero apoia a moratoria. Explica que vota en contra porque a Universidade de Vigo está por baixo da media de catedráticos das universidades españolas. Di que, nestas condicións, adiantar medidas restritivas non é lóxico; que o dereito á promoción profesional é un dereito fundamental na función pública. Demanda que se fixe un número de prazas e que non sexan fixadas en Consello de Goberno. Non comparte que se teñan en conta os anos transcorridos desde o último sexenio ou os anos pasados como acreditado.

Intervén o Sr. Federico Pérez para manifestar que, de acordo co comunicado da CIG, deberían continuar as negociacións. Está de acordo coa proposta do Prof. Bienvenido Diez.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación dicindo que se está enfocando a proposta en clave restritiva, cando a finalidade é garantir o dereito a promoción. Dá o dato que, segundo o informe da ANECA sobre o programa de acreditación nacional do profesorado, entre os anos 2008 e 2010 no conxunto de España só o 44% dos acreditados

como CU tiveron praza de acceso. Non entanto, defende que o acreditado ten dereito a facer a súa solicitude e o equipo de goberno a tramitala. Informa, que non estarán lonxe nos anos 2012 e 2013 do número de prazas que foron convocadas nas últimas convocatorias.

O vicerreitor de Economía e Planificación destaca, que a convocatoria persegue garantir un dereito e o modo en que se debe exercer ese dereito: que se pretende garantir a repartición equitativa e o reequilibrio entre áreas. Na súa opinión é unha solución aceptable dende todos os puntos de vista, e roga que esta sexa a forma de contemplalo, non como que se se estivera cercenando o dereito á promoción.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que se cercena o dereito, pois se pasa dun sistema obxectivo a un sistema continxente. Solicita criterios obxectivos.

Intervén o reitor para dicir que o que se está defendendo no Consello de Goberno é o dereito á promoción, pero que o número de prazas anuais estará en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Cede a palabra á vicerreitora, quen indica que para completar o texto do documento se engadirá unha disposición transitoria no sentido seguinte: as solicitudes de promoción a CU que sexan presentadas antes do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2011, serán aprobadas nesa sesión do Consello de Goberno de acordo cos criterios de promoción fixados no acordo de Consello de Goberno de 26 de xaneiro de 2009, sempre que se presente a documentación correspondente.

Sométese a votación:

Votos a favor: 24

Votos en contra:4

Abstencións: 3

Apróbase a normativa recollida no **Anexo IV**.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos criterios de cómputo de carga docente básica en titulacións de grao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen inicia a súa intervención dicindo que para atender a primeira etapa de transición dos ensinos derivados da LRU ao EEES, o Consello de Goberno de 10 de marzo 2008 aprobou o programa especial de consolidación de cadros de profesorado en áreas e campus. Este programa tivo validez ata a elaboración do POD do curso 2011/2012, polo que, finalizado este período, se necesita definir o número de profesores con vinculación permanente por departamento derivados das ensinanzas de grao.

O documento presentado, pretende cuantificar o número de horas de carga docente básica (CDB) en cada grao en base a unha serie de indicadores.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións sinala, que entre os indicadores figuran o número de estudantes efectivos que acceden cada ano por primeira vez aos estudos; as taxas de abandono e eficiencia; o tamaño medio de grupo; as horas presenciais por ECTS; e ou número de créditos da titulación (excluíndo o número de créditos correspondente a prácticas externas obrigatorias).

As horas de CDB que resulten para cada grao nun determinado centro, deberán ser distribuídas porcentualmente entre os departamentos. O centro deberá determinar esta distribución porcentual a partir das súas estimacións da PDA ou encargo anual, que se derivaría dos números medios de matrícula.

O cadro docente teórico dos departamentos quedará configurado unha vez establecidas as propostas de todos os centros.

A saída a concurso de prazas consolidables, que será regulada nas normas de POD anuais, estará condicionada á existencia dun déficit igual ou superior a 240 horas nun departamento e campus.

Indica, que se fixará unha taxa de eficiencia do 90% e que, mentres non estean totalmente implantadas as titulacións de grao e non se dispoña de datos relativos ás taxas de graduación e abandono, considerárase como taxa de abandono a rexistrada con anterioridade á implantación do grao na correspondente titulación LRU.

Finaliza explicando, que no texto dise que esta distribución porcentual por departamento deberá permanecer invariable por un período de catro anos e que tras a reunión da COAP se propón que na redacción final figure tres anos.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez, para manifestar que non se recolle un recoñecemento especial para traballos de fin de grao.

A vicerreitora responde, que ese tema corresponde a normas de POD e de recoñecementos do profesorado

Intervén o Prof. Jaime Cabeza, para preguntar se a fórmula empregada para calcular a carga docente básica é definitiva ou haberá outra foto diferente para o resto da docencia.

Responde a vicerreitora, que a presentada persegue calcular a carga docente básica de cada grao.

Intervén novamente o Prof. Jaime Cabeza, para expresar o seu agradecemento e felicitación á vicerreitora e pide que a información se publique. Fai valoracións negativas sobre a política de profesorado seguida na Universidade de Vigo. Di que lle complace que se presente ao Consello de Goberno un documento que parece unha aproximación de RPT de profesorado. Finaliza preguntando cando disporán da información que reflicta a carga docente máis alá dos ensinos de grao.

A vicerreitora contesta, que se está traballando para que toda a oferta de posgrao estea adaptada ao novo decreto de doutoramento e ao próximo decreto de titulacións da Xunta.

Intervén o Prof. Armando Caballero, para discrepar dos cadros de persoal teóricos que xurdirán do emprego da nova fórmula. Fai unha proxección ás necesidades docentes dalgunhas titulacións.

Intervén a Prof^a. Suárez Pazos, para preguntar polo punto 2.4 da normativa relativo a que a proposta deberá contar coa aprobación da Xunta de Centro.

Intervén o Prof. Juan Pou, para indicar que o modelo proposto non lle parece mal; que se aproxima a unha RPT pero que facendo as contas, o modelo non encaixa. Fai valoracións sobre a taxa de eficiencia; propón que, en relación ás enxeñarías, se introduza unha disposición adicional para que a nova normativa se adapte ás características e peculiaridades dos ensinos técnicos.

A vicerreitora sinala, que non se deben contemplar excepcións para as titulacións dun determinado ámbito; que non se pode financiar profesorado estable a conta de máis fracaso escolar, é dicir, de repetidores.

Intervén o Prof. Juan Pou, para solicitar que a taxa de eficiencia pase de 90% ao 70% para axustala á realidade histórica. Sinala, que a normativa que se propón non incentiva ao profesorado novo, xa que, cos parámetros propostos é posible que non se poidan convocar prazas en determinados departamentos. Insiste en que lle gusta a filosofía, pero non os números que saen.

Intervén a Prof^a Edita de Lorenzo na mesma liña que o Prof Juan Pou, para sinalar que a súa taxa de gradación en Telecomunicacións é do 31%; que o modelo debe axustarse á filosofía á que queremos chegar. Coa normativa proposta para o cálculo de carga docente básica resultante non permitirá contratar a ninguén nunha longa tempada.

Intervén o Prof. Pedro Arias na mesma liña, para demandar unha modificación para os ensinos técnicos, indicando que no seu centro o número de entrada está por encima do límite de acceso.

Intervén o Prof. José Luis Alba para facer valoracións sobre as diferentes taxas de eficiencia e abandono dada a variedade de titulacións que ten a universidade.

Intervén o reitor para dicir que a fórmula que se propón tende a visibilizar e racionalizar a necesidade de recursos humanos na oferta dos graos. É un instrumento que se crea a efectos de calcular o persoal básico. O persoal é unha foto dinámica que vai evolucionar Falta por contabilizar o esforzo en posgrao, doutoramento, xestión e investigación. Insiste que os parámetros están axustados a unha universidade que aspira á calidade. Considera que a taxa de eficiencia do 90% é razoable.

Intervén novamente o Prof. Juan Pou para solicitar unha transitoriedade para os ensinos técnicos para que os centros poidan adaptar o seu persoal docente.

Ábrese un pequeno debate entre a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, o vicerreitor de Economía e Planificación e o PrOf. Juan Pou.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que se solidariza coas peticións, pero que entende que é un plan revisable a 3 anos. Anuncia a súa abstención e sinala que é un compromiso do equipo de goberno abrir unha negociación e establecer a carga de traballo do profesorado.

Procédese á votación:

Votos a favor: 21

Votos en contra: 3

Abstencións: 7

O Prof. Juan Pou quere facer constar en acta o seu voto en contra, e que incorpora á acta a súa emenda **Anexo V**.

Apróbase a normativa recollida no **Anexo VI**.

Punto 9. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para transferencias de crédito.

Cédese a palabra ao xerente, que dá conta do recollido no **Anexo VII**.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra ao xerente, que dá conta do recollido no **Anexo VIII**.

Subliña a achega extraordinaria ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias, en virtude da addenda ao convenio de colaboración entre a UVigo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, para a xestión da contratación conxunta de recursos electrónicos de información científica.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade Federal do Paraná-UFPR (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Facultade da Serra Gaúcha (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Facultade da Serra Gaúcha (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio entre a Universidad de São Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo para o intercambio de docentes/investigadores, estudantes e membros do equipo técnico-administrativo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e The University of Sciences and Technology Houari Boumediene Algiers (Argelia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional Mayor de San Marcos (Perú).

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Elección para cubrir a seguinte vacante:

Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante.

Cédese a palabra á secretaria xeral, quen informa que non se presentaron candidaturas, polo que a praza na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado continúa vacante.

Punto 13. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Armando Caballero coa petición de que se inclúa na acta o que se recolle no **Anexo IX**.

Fai un rogo para que se repare a Sala de Videoconferencias da Facultade de Bioloxía. Na última reunión da Xunta de Facultade transmitiu as súas queixas á decana, quen lle respondeu que era unha función do reitorado. Tamén quere transmitir as queixas da decana da Facultade de Ciencias por problemas e deficiencias estruturais en devandita facultade.

Fai unha queixa porque na avaliación do VAD do curso 2009-10, os departamentos xa non consideran a coordinación dos programas de doutoramento porque pasaron ao ámbito da Facultade. Pregunta onde se valoran.

Pregunta por que non se prevé unha redución do IVE na compra en material docente.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen di que a instrución da consellaría do mes de outubro di que todos os másteres deben ter 20 alumnos. Isto obrigaría a refundir ou suprimir de forma apresurada unha boa parte dos másteres de investigación. Fíxose unha solicitude á consellaría en relación aos másteres de investigación, para que podan manter o número de alumnos da anterior normativa no curso 2012/13. Esa posibilidade permitiría planificar con tempo a reorganización dos másteres de investigación e programas de doutoramento consonte ao novo marco normativo.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para dicir que as facultades teñen competencias en materia de reparacións. Se hai problemas para arranxar algo en concreto, que se expoña. Tal vez sexa un problema de comunicación. É partidario de que os problemas se deban arranxar dunha forma fluída.

Intervén o vicerreitor de Docencia, Alumnado e Calidade en relación aos criterios que se manexan no VAD: sinala que están traballando para harmonizalos co establecido no Programa Docencia, co obxecto de racioanlizar e simplificar as avaliacións do profesorado.

Intervén o xerente para dicir que os gastos de docencia non están suxeitos a desgravación segundo a normativa vixente.

Intervén a Prof^a Suárez Pazos para expor algúns temas que ao seu xuízo deberían ser motivo de reflexión: se é posible admitir vantaxes para os profesores nas titorías externas ao

plan de estudos; reflexionar sobre a normativa de permanencia e como se computan as convocatorias; como se organizan os servizos administrativos dos másteres. Solicita igualmente, que se simplifique o procedemento de verificación de calidade.

Intervén a Prof.^a Edita de Lorenzo para dicir que desexaría coñecer a carga docente básica nos diferentes graos.

Intervén o Sr. Xan Cebro para facer as seguintes consideracións:

Pregunta en primeiro lugar pola escola infantil do Campus de Vigo.

En segundo lugar e en relación á política de persoal, sinala as seguintes queixas:

- Ausencia de convocatoria de prazas de promoción interna para o PAS funcionario; a convocatoria foi publicada no DOG en 2009 e aínda non foi designado o tribunal, están as listas de aspirantes pero que non se sabe nada do asunto.

- Protesta pola rescisión de 14 contratos de traballo antes de que se formalizase a toma de posesión polos titulares das prazas.

- En relación ao Centro de Linguas, informa de que as traballadoras van ir aos tribunais denunciando a rescisión dos contratos.

- En relación á OFOE, critica a decisión de rescindir os contratos cando contaban cunha sentenza ao seu favor; os tribunais déronlles a razón ordenando a readmisión e agora a universidade debe facer fronte á indemnizacións.

- Protesta e anuncia accións legais, en relación á decisión do xerente de dotar interinamente de persoal administrativo para cubrir o posto de administrativo no novo Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade. Pide o pago de complemento específico pola asignación dun segundo posto ou a suspensión da resolución.

- Protesta pola proposta da Xerencia sobre a nova RPT.

Para rematar, solicita que a Área de Normalización Lingüística sexa máis proactiva velando polo uso do galego na Universidade. En concreto, cita que algúns departamentos teñen as súas páxinas web ou ofertas de cursos en castelán.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación, para contestar que o inicio das obras de construción da escola infantil do Campus de Vigo está pendente da licenza que debe outorgar o Concello de Vigo, unha vez aprobado o plan de cambio de uso e a súa posterior publicación no DOG.

Intervén o xerente para contestar ao Sr. Xan Cebro.

Respecto das plazas de promoción interna, di que o vicexerente de Recursos Humanos está traballando para completar o proceso, ao igual que os demais. Neste último ano

priorizáronse os procesos de provisión de prazas de persoal de administración e servizos, tanto laboral, coma funcionario, o que permitiu a incorporación á Universidade con carácter fixo de 97 traballadores, 49 laborais e 48 funcionarios, de diversas categorías profesionais, conquerindo solventar a situación de eventualidade e interinidade que viñan sufrindo un importante número de traballadores de administración e servizos.

En relación á finalización dos vínculos, o xerente infórmalle que os servizos administrativos da Xerencia e, neste caso o Servizo de PAS, non traballan arbitrariamente. Que o Servizo de PAS se puxo en contacto telefónico con todos os afectados, co obxecto de evitar que persoas que cesaban tiveran que desprazarse innecesariamente. Ao igual que calquera outro proceso, no momento da incorporación do titular non pode concorrer ningún outro traballador na praza. Por outra banda subliña que moitos dos novos traballadores con carácter fixo xa viñan desempeñando funcións na Universidade, pero non necesariamente no posto que acadaron despois do proceso selectivo, sendo preciso coordinar todos os movementos para evitar incidencias nos servizos e unidades afectadas.

Respecto da OFOE, o xerente di que as traballadoras tiñan unha sentenza favorable, pero non firme, que foi recorrida polos servizos xurídicos da Universidade ao TSXG; que o seu contrato de traballo en vigor finalizaba o 31 de marzo. Os traballadores acudiron o xulgado do social e o fallo é contrario á universidade, declarando a nulidade do despido e obrigando a readmisión. A Universidade vese na obriga de acatar a sentenza e readmitilas. A Xerencia ten que ser respetuosa coas decisións xudiciais, e que as acata unha vez son firmes, pero que a priori non pode admitir que se creen prazas na RPT da Universidade sen respectar os procedementos establecidos: determinación da necesidade, negociación cos axentes sociais, aprobación previa polo Consello de Goberno e aprobación final polo Consello Social.

Neste senso procedeuse igual cos restantes traballadores laborais aos que fixo mención, e neste caso, o tribunal fallou en primeira instancia que o despedimento non era nulo, senón improcedente.

No outro caso dun PAS Laboral ao que fai mención, informa que o traballador, tras un breve período de traballo despois de incorporarse tras unha longa licenza, solicitou o cese do seu vínculo coa Universidade, demandando á mesma, e solicitando perto de 500.000€ de indemnización ao incluír na súa demanda, entre outros aspectos, denuncias de “mobing”. O xulgado estimou parcialmente a demanda do traballador, aceptado unicamente os motivos que dan lugar a una figura equivalente ao despido improcedente.

Respecto ao Departamento de Comunicación Audiovisual, dille que non se trata dunha modificación da RPT; que o documento que invoca está elaborado polos servizos xurídicos da Universidade, e que o proceder da Xerencia e consonte á norma, e a opinión dos servizos administrativas dependentes da mesma.

Respecto de Xescampus, sinala que se esta a traballar tanto no aplicativo, como no uso que se fai do mesmo. O xerente di que un exemplo salientable dos cambios que se están a introducir, foi o proceso de xestión da matrícula seguido neste curso académico, xa que dende a PDA (xerada polos Servizos Informáticos da Universidade) ata a atención aos usuarios, pasando pola revisión dos plans de estudo, a configuración da matrícula e a elaboración das normas, a participación do PAS Funcionario da casa foi completa, mudando completamente a situación anterior. A Xerencia di que os nosos funcionarios recuperaron tarefas perdidas no

proceso de implantación do Xescampus, e os resultados, na súa opinión, foron positivos; mellorouse o servizo e a atención o usuario e quere resaltar o alto grado de implicación do PAS da Universidade.

Intervén o reitor para dicir que a Área de Normalización Lingüística ten unha actitude proactiva, que intensificaremos o labor para evitar que esto ocorra. En relación á nova proposta de RPT, sinala que están abertos ao diálogo social e que as propostas en desacordo teñen que estar sobre a mesa de negociación.

Intervén o Sr. Federico Fernández, para dicir que a Xunta comunicou aos sindicatos a denuncia do Convenio Colectivo do PAS laboral, os sindicatos non ven necesidade dun novo convenio e a Xerencia si ve a necesidade. Que teñen certo temor.

Responde o reitor que o convenio actual non permite propostas e reformas que é necesario facer. Que é preciso formular outro convenio, pero que non haberá recortes de dereitos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:30 horas do día 14 de novembro de 2011 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M^a Inmaculada Valeije Álvarez